

2016

MEMORIA*****

INFORME DO REITOR*****
***** UNIVERSIDADE
AO CLAUSTRO***** DA CORUÑA

Introdución

Este ano establecíase unha nova estrutura da memoria do Reitor. En lugar de agruparse por áreas de responsabilidades das distintas vicerreitorías, os resultados preséntanse por áreas temáticas: goberno, académica, internacional, investigación e transferencia, recursos humanos, etc. Ademais, para facilitar a súa lectura, sepáranse os textos das táboas e figuras.

Esperamos que esta nova estrutura permita realizar unha análise máis sinxela das actividades desenvolvidas polo equipo de goberno en 2016. De seguido coméntanse os aspectos máis relevantes da memoria.

Reforma das estruturas académicas

En outubro o Consello de Goberno deulle o visto e prace á Proposta de racionalización de estruturas académicas da UDC, elaborada pola comisión creada con esta finalidade polo Consello de Goberno. Déuselle fin así a un longo proceso que comezara en maio do 2015.

A Proposta de racionalización de estruturas académicas da UDC foi froito do traballo da Comisión de Estudo para o Plan de Racionalización de Estructuras Académicas, CEPREA, presidida polo vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente e na que estaban o vicerreitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade, o secretario xeral, todos os decanos/as e directores/as de centro, representantes do persoal de administración e servizos e do estudiantado, así como oito directores de departamento con voz pero sen voto, nunha composición aprobada en Consello de Goberno. Os cambios faranse efectivos nas seguintes eleccións de centros e departamentos

que se celebran a finais do ano 2016. No primeiro cuadrimestre de 2017 estará completa a nova estrutura.

A elaboración da proposta foi un proceso dialogado e consensuado con todos os estamentos implicados desde a aprobación do procedemento en Consello de Goberno. Neste procedemento non se incluía o debate no Claustro, que se convocou por decisión do equipo de goberno. O proceso realizouse con transparencia, información e diálogo, con numerosas reunións e a incorporación de gran número das emendas.

O obxectivo da reestruturación é a mellora da docencia, o impulso á investigación e á transferencia de coñecemento e a consecución dunha estrutura administrativa máis eficiente, áxil e flexible. Este Plan supón a primeira reforma de calado da estrutura da UDC nos seus 27 anos de existencia. O Plan propón criterios obxectivos para determinar a composición dos equipos directivos das facultades e escolas, para que sexa proporcional ao tamaño da comunidade do centro, e a supresión de departamentos que pasan de 43 a 26. A Universidade da Coruña queda, cremos, cunha estrutura moderna, flexible e máis eficiente para facerlle fronte aos retos futuros en mellores condicións.

O proceso foi posible pola actitude construtiva e propositiva do profesorado, o persoal de administración e servizos e o estudiantado, que posibilitaron a culminación dunha reestruturación desta envergadura, que nunca é doada, polo que cómpre o agradecemento a toda a comunidade universitaria.

Investigación e transferencia

A investigación, xunto coa docencia, son as dúas misións fundamentais da universidade pública. Ademais, a transferencia de coñecemento, como terceira misión das universidades, xorde para incrementar a contribución ao desenvolvemento socioeconómico das comarcas nas que se instalan os nosos campus. Tanto a investigación como a transferencia dos resultados a sociedade son apostas estratéxicas da Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia. A excelencia científica, unida á especialización investigadora, son dous eixes básicos que, xunto coa transferencia, condicionan a política científica da nosa Universidade. Na UDC vimos apostando pola mellora continua dos indicadores en este campo.

Captación competitiva de recursos

A captación de recursos externos para a investigación durante o ano 2016 ascendeu a máis de 13 millóns de euros, aumentando 1.4 veces os fondos conseguidos no ano anterior. Este incremento foi maior en proxectos e axudas competitivas, onde pasou de 4 millóns de euros do 2015 ata os 8.5 millóns do 2016. O motivo da mellora neste tipo de captación de recursos externos, foi, en gran medida, a resolución de proxectos estatais neste período.

No tocante a outras axudas de investigación, hai que salientar que a Secretaría Xeral de Universidades convocou e resolveu en 2016 axudas para grupos de referencia competitiva, grupos de potencial crecemento e redes. Concedéronse 5 grupos de potencial crecemento, 5 novos grupos de referencia competitiva e 3 redes, o que supón unha captación específica de fondos de 2.59 millóns de euros. Cómpre destacar, así mesmo, o recoñecemento do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e das Comunicacions (CITIC) como Centro Singular de Investigación de Galicia, o que supuxo unha captación

de 430.000€ para este ano, que se verá incrementada durante os seguintes anos e posibilitará a dotación de investigadores para o CITEEC.

No ámbito de axudas competitivas debemos mencionar a Unidade Mixta de Investigación (UMI “Estaleiro 4.0 o asteleiro do futuro”) que a UDC ten coa empresa pública Navantia, auspiciado pola Consellería de Industria, a través do GAIN, e que durante 2016 conseguiu con éxito un total de 15 accións de investigación conxunta con esta empresa nacional, o que supón a contratación de 15 novos investigadores adscritos á UMI e pertencentes a outros tantos grupos de investigación do noso catálogo. Están a desenvolver o seu labor nas dependencias que esta unidade de investigación ten dentro das instalacións do CIT do campus de Ferrol.

Contratos e convenios

No eido da transferencia de investigación e da tecnoloxía da investigación ao tecido industrial, salientamos tamén que o número de contratos con empresas e administracións públicas asinados por investigadores da UDC en 2016 foi de 243, a cifra máis alta dos últimos anos. A maior parte destes contratos (135) foron xestionados a través de Fundación da Universidade da Coruña (FUAC). A cantidade total destes contratos con empresas e administracións públicas superou os 4.5 millóns de euros. Aínda no ámbito da transferencia, cómpre mencionar que se aprobou unha nova spin-off para o campus de Ferrol, a empresa Lapa, na que participan investigadores adscritos ao Centro de Investigacións Tecnolóxicas (CIT).

Bolsas e contratos de investigación

No que respecta ás bolsas e contratos de investigación captadas polos investigadores da UDC, os datos son similares aos dos anos pasados, malia a diminución das axudas posdoutorais da Xunta de Galicia.

O investigador Carlos Gómez Rodríguez conseguiu a segunda das axudas Starting Grants con que conta a UDC e que están ligadas ao programa European Research Council (ERC). A axuda conseguida, de 1,5 millóns de euros, foi para investigar temas relacionados coa linguaxe sintáctica para o seu emprego en redes sociais e en tradución simultánea.

Como iniciativa propia da UDC, posta en marcha durante este ano, salienta o convenio asinado entre a nosa Universidade e a empresa Inditex para captación de investigadores, denominado Intalent. Este programa ten por finalidade a contratación de investigadores de prestixio internacional que poidan conseguir financiamento competitivo internacional para a UDC. A primeira convocatoria do programa Intalent púxose en marcha o 3 de novembro do 2016 co apoio da OTRI. Pódese ampliar información do programa na propia web (<http://www.intalent.udc.es/>).

Producción científica

A produción científica, medida a partir dos documentos científicos publicados e recollidos en ISI Web of Science, medrou de xeito importante durante o ano e chegou ao máximo histórico de artigos, cun total de 827. Este crecemento é xa sostido nos últimos cinco anos. En artigos científicos trátase dun incremento practicamente linear no período 2005-2016, cun máximo histórico de máis de 800 en 2016.

Patentes

O número de patentes solicitadas e concedidas por investigadores da UDC é moi semellante á de exercicios anteriores, 25 solicitudes, das que finalmente se concederon 8 (o ano 2015 foran concedidas 10 patentes). En licenzas de software obsérvase unha baixada considerable do número de rexistros, que baixou das 9 de 2015 a só 4, con tendencia decrecente desde 2013. A diminución pode ser conse-

cuencia da aposta polo software libre de moitos dos investigadores do sector TIC.

Centros tecnolóxicos

O labor desenvolto polos centros de investigación (CITIC, CICA, CITEEC e CIT) encamiñase a alcanzar o recoñecemento que a Xunta concede, previa a convocatoria competitiva, para agrupacións estratéxicas e centros singulares de investigación.

Así, no que respecta ó CITIC cabe destacar a axuda como Centro Singular, que supón uns ingresos en 2016 de 430.000€, que duplica a axuda de Agrupación Estratéxica dos anos anteriores (200.000€). Os ingresos por convocatorias competitivas de I+D+i increméntanse lixeiramente (algo máis de 200.000€, un 13%) sobre o ano anterior, con tendencia crecente. Sen embargo, o maior incremento prodúcese nos contratos de I+D+i que se duplican respecto ó ano pasado, pasando a case un millón e medio de euros (1.461 M€).

No tocante ao Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA), o traballo desenvolto centrouse en dotar e poñer en marcha os laboratorios, grazas a agrupación estratéxica co Instituto de Investigación Biomédica de A Coruña (INIBIC). Esta agrupación estratéxica baixo o acrónimo CICA-INIBIC ten como misión crear un contorno multidisciplinar e sinérxico para dar resposta aos retos biomédicos, tecnolóxicos e medioambientais a través da investigación, da formación e da transferencia de solucións integrais que xeren valor científico e económico e progreso social.

O CITEEC conseguiu case 1.7 millóns de euros en axudas estatais para infraestruturas e equipamento. Redúcese o número de proxectos de investigación con soporte no CITEEC, pasando de 9 a 4 no ano 2016, que se ve compensado polo aumento nos convenios con empresas con soporte no CITEEC

(de 19 a 35). En total, o CITEEC conseguiu mais de 1.6 millóns de euros en convenios e proxectos de investigación (a maiores da axuda de infraestruturas e equipamento).

O número de proxectos de investigación do CIT permanece estable nos últimos anos (25 proxectos), aínda que se percibe unha redución no orzamento executado polos grupos de investigación (lixeramente inferior a un millón de euros no 2016).

Docencia e innovación

No curso 2016-2017 extingúense de xeito definitivo as titulacións correspondentes á ordenación académica anterior. Unicamente o estudantado das titulacións en Enxeñeiro de Informática, Arquitecto, Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, Enxeñeiro Naval e Oceánico e Enxeñeiro Industrial disporá ata o vindeiro curso académico para superar o Proxecto Fin de Carreira da súa titulación.

A oferta académica consolídase en 38 graos, nas diferentes ramas de coñecemento: 5 en Artes e Humanidades, 2 en Ciencias, 5 en Ciencias da Saúde, 12 en Ciencias Sociais e Xurídicas e 14 en Enxeñaría e Arquitectura. Varias destas titulacións son únicas no Sistema Universitario Galego.

Refórzase a oferta de programas de simultaneidade, coa continuidade dos graos de Dereito e ADE, de Turismo e Ciencias Empresariais, Bioloxía e Química, e Ciencias Empresariais e Arquitectura Técnica. A estes sumáronse no curso 2015-2016, os graos de Español: Estudos Lingüísticos e Literarios, e Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios; de Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios, e Español: Estudos Lingüísticos e Literarios; de Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios, e Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios; e os graos de Enxeñaría Mecánica e Enxeñaría Naval e Oceánica.

Igual que en cursos anteriores, todos os graos dispoñen de límite de prazas, por aplicación do decreto 222/2010 da Xunta de Galicia.

Canto aos mestrados universitarios, a Universidade da Coruña dispón neste momento dunha oferta estable e equilibradas entre as distintas ramas de coñecemento. A oferta de nova matrícula para este curso foi de 48 mestrados. Hai que salientar que sete dos mestrados teñen a consideración de mestrados internacionais, xa que ou son titulacións conxuntas cunha universidade estranxeira ou teñen convenio de dobre titulación.

No curso 2016-2017 implantáronse, logo da súa verificación por parte da ACSUG, do informe favorable do Consello de Universidades e da autorización da Xunta, catro novos mestrados, algún deles como resultado da reorganización da oferta académica xa existente: Mestrado en Bioinformática para Ciencias da Saúde, Mestrado en Eficiencia e Aproveitamento Enerxético, Mestrado en Planificación e Xestión de Destinos e Novos Produtos Turísticos, Mestrado en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria.

Implantouse no curso 2016-2017 un novo programa de doutoramento: Doutoramento en Ciencias Sociais e do Comportamento. Ofertáronse un total de 36 programas de doutoramento pertencentes a diferentes áreas de coñecemento: 9 en Ciencias, 5 en Ciencias da Saúde, 7 en Ciencias Sociais e Xurídicas, 10 en Enxeñaría e Arquitectura e 5 en Artes e Humanidades. O número de teses de doutoramento defendidas no 2016 foi de 273, cun balance moi equilibrado por xéneros, como xa vén ocorrendo nos catro últimos cursos. Esta cifra, que case triplica á do número habitual de defensas dun curso académico, débese ás condicións de extinción dos programas de doutoramento establecidas no Real decreto 99/2011. Un total de 65 teses recibiron a Mención Internacional, para cuxa consecución están a resul-

tar fundamentais as axudas para estadias de estudantes de doutoramento financiadas polo programa Inditex-UDC. Na convocatoria do 2016 un total de 29 estudantes desfrutaron desta bolsa.

Evolución da matrícula

Canto a evolución da matrícula nas diferentes titulacións da UDC, podemos establecer algunhas diferenzas importantes entre graos, mestrados e doutoramentos. O número de estudantes de graos diminuíu, pois pasou de 14.037 no 2015 a 13.913 no 2016. Isto pódese explicar pola complexa situación socioeconómica actual, que co endurecemento das condicións de acceso as bolsas e coa caída demográfica provoca un descenso xeralizado do número de estudantes universitarios. Porén, a evolución da matrícula nos mestrados e nos programas de doutoramento da UDC é moi positiva. Confírmase a tendencia de crecemento dos últimos anos. Pasouse de 1.393 estudantes de mestrado en 2014, a 1.610 en 2015 e a 1.729 en 2016. Nos programas de doutoramento, a matrícula en 2014 foi de 560 estudantes, de 865 en 2015, e ascendeu a 985 alumnos en 2016.

Estamos, pois, nunha fase de consolidación da estrutura completa das titulacións. O desenvolvemento pleno desta nova estrutura fai necesaria a avaliación continua do impacto das novas actividades. Como consecuencia desta avaliación realizáronse distintas reformas das normativas académicas para acomodarlas ás necesidades organizativas e de recursos dos centros. Estas adaptacións só foron posibles pola colaboración e polo traballo dos equipos directivos das diferentes facultades e escolas implicadas, da Escola Internacional de Doutoramento, así como da comunidade universitaria no seu conxunto.

A oferta de títulos propios na UDC seguiu incrementándose, debido ao interese amosado en diversas institucións e empresas, ou ben como consecuencia

da proposta de membros da comunidade universitaria, tratando de responder de forma inmediata e áxil ás necesidades culturais, científicas e profesionais da contorna social.

Universidade Sénior

A Universidade Sénior mantense en continua expansión, tanto na Coruña como en Ferrol. O número de alumnos/as no curso 2016-2017 foi de 875 estudantes, dos que 604 cursan os seus estudos no campus da Coruña e 271 no campus de Ferrol. Cómpre subliñar unha importante diferenza entre o número de alumnos e alumnas matriculadas: a porcentaxe de mulleres matriculadas é dun 76%. O plan de estudos da Universidade Sénior foi incrementando a oferta formativa ata chegar á situación actual, con 20 materias no campus da Coruña e 16 no de Ferrol, así como 10 obradoiros. Fíxose un esforzo na mellora da calidade e na ampliación da oferta académica, pero tamén da oferta social e cultural que se vén desenvolvendo á marxe do plan de estudos, a través dun amplo número de actividades complementarias: seminarios temáticos sobre literatura, historia e saúde, xornadas e conferencias, ademais de visitas académicas e outras actividades culturais. Así mesmo seguiu a potenciarse tanto a presenza en distintos foros como os intercambios con universidades españolas e estranxeiras. Desde 2016 a Universidade Sénior é membro de AIUTA, Asociación Internacional de Terceira Idade. Neste mesmo ano tamén recibiu o Recoñecemento das Actividades de Dimensión Europea como Boas Prácticas, por parte da Asociación Estatal de Programas Universitarios para Maiores (AEPUM).

Calidade e avaliación

Un total de 22 títulos de grao e de mestrado universitario da UDC ou coordinados por ela renovaron a acreditación. Ademais, seguiu o proceso de certificación da implantación dos SGIC dos distintos cen-

tros. Este curso a Facultade de Filoloxía superou a certificación da implantación do SGIC con resultado positivo, polo que xa son 10 os centros da Universidade da Coruña co seu sistema certificado. Tamén se resolveron as reclamacións e os recursos de alzada do profesorado que participou na V convocatoria de Programa Docencia.

Formación e innovación docente

O Centro Universitario de Formación e Innovación (CUFIE) fixo ao longo deste curso unha aposta decidida pola innovación nos ámbitos da docencia e da formación permanente a través de distintas iniciativas.

A posta en marcha do proceso de institucionalización da Aprendizaxe-Servizo supuxo un importante aumento dos proxectos realizados pola comunidade docente e das entidades conveniadas coa UDC. Así mesmo, o CUFIE tivo presenza en distintos foros nacionais e internacionais relacionados coa innovación docente. Apostouse tamén pola formación en modalidade virtual e semipresencial, ofertándose un total de 11 cursos en ambas modalidades. Dado o éxito do curso “Estratexias para incrementar a visibilidade e os resultados da investigación”, dirixido a investigadores da nosa Universidade e deseñado pola Unidade de Teleformación en colaboración coa Biblioteca Universitaria, ofreceuse unha segunda edición este curso e ampliáronse as 150 prazas ofertadas ao alumnado de doutoramento. Continuaron, en colaboración coa Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación, os cursos para proporcionar ferramentas lingüísticas e técnicas docentes para impartir contidos curriculares en inglés.

Co ánimo de divulgar as experiencias innovadoras que os docentes levan a cabo diariamente nas súas aulas, o CUFIE organizou en outubro as I Xornada de Innovación Docente da UDC, que contou con máis dun centenar de participantes.

A implicación do profesorado na mellora da calidade dos títulos, ademais de reflectirse no importante incremento da súa participación nas actividades de formación e innovación docentes e na utilización das ferramentas de apoio á docencia, obsérvase tamén no número de guías docentes elaboradas na plataforma GADU, que alcanzou o 100% das guías docentes de grao e mestrado.

Internacionalización

A internacionalización é un dos eixos estratéxicos da UDC. Para o seu desenvolvemento lévanse a cabo unha serie de accións, como son a promoción da UDC no ámbito internacional coa asistencia a eventos que dan a coñecer a nosa Universidade no estranxeiro ou a sinatura de convenios para aumentar o número de estudantes e profesores entrantes e saíntes da nosa Universidade.

No curso 2015-16 a mobilidade de estudantes volve incrementarse despois do lixeiro descenso rexistrado no curso 2014-15, debido aos recortes nos importes das bolsas e ao incremento dos requisitos lingüísticos.

International Summer School

Celebrouse a terceira edición da International Summer School, cunha oferta de 18 cursos de tres semanas de duración, impartidos en inglés por profesorado de universidades estranxeiras e dirixidos a estudantes da UDC e estranxeiros.

En colaboración coa Vicerreitoría de Profesorado, consolídase ao longo do ano programa de docencia en inglés nalgunhas titulacións da UDC. Os resultados destes programas (ampliación da oferta docente da UDC cara a captación de estudantes internacionais e cualificación dos alumnos da UDC que están a realizar esa docencia) están sendo xa comprobados na realidade: cómpre salientar o aumento de

estudantes internacionais nas titulacións en que se imparten aulas en inglés e o incremento das posibilidades de establecer títulos dobres ou conxuntos.

Persoal Docente e Investigador (PDI)

As políticas de acceso e promoción do persoal docente e investigador seguiron condicionadas por un marco normativo e económico restritivo. Aínda que a taxa de reposición situábase por primeira vez no 100%, o número reducido de xubilacións efectivas do ano anterior fai que a oferta de emprego público do persoal docente e investigador da UDC se limite a 13 prazas, un volume insuficiente para cubrir tanto as necesidades de estabilización das figuras de profesorado con compromiso de estabilidade como as necesidades de promoción dun cadro de persoal con cerca de 200 profesores acreditados sen poder promocionar.

Previa negociación cos órganos de representación do PDI, o acordo do Consello de Goberno do 28 de xuño de 2016 destina 8 prazas á estabilización dos/as profesores/as axudantes doutores/as que finalizaron o seu contrato en 2015 (7 prazas de profesor/a contratado/a doutor/a e 1 praza de profesor/a titular de universidade) e 3 prazas para á promoción a titular de universidade dos/as profesores/as contratados/as doutores/as acreditados/as. De acordo co establecido no artigo 36 da Lei 12/2015 e no artigo 20.2.j da Lei 48/2015, dúas prazas resérvanse para a contratación como persoal laboral fixo de persoal investigador doutor que finalizase o Programa Ramón y Cajal e obtivese o certificado I3. Adicionalmente, en aplicación do disposto na disposición derradeira segunda do RD Lei 10/2015, inclúense na OPE 4 prazas de catedrático/a de universidade polo procedemento promoción interna.

A oferta de emprego público foi insuficiente para acoller o profesorado con compromiso de estabilidade que finalizaba o seu contrato en 2016 e promover

a todo o profesorado con prazas de catedrático/a de Universidade aprobadas polo Consello de Goberno en 2012. Despois de priorizar a única praza de titular de universidade aprobada nese mesmo ano, a OPE permite a posta en marcha dunha primeira convocatoria co fin de que o profesorado contratado doutor acreditado para acceder ao corpo de titulares de universidade solicite a creación dunha das dúas prazas ofertadas na súa área de coñecemento. A ésta convocatoria presentáronse máis de 40 profesores.

Ademáis dun marco lexislativo estatal e autonómico que limita e dificulta o desenvolvemento de políticas de estabilización, promoción e contratación de profesorado, os aspectos económicos relativos ao mantemento da masa salarial engaden unha dificultade adicional á política de profesorado. O incremento anual de trienios e quinquenios derivados do crecemento vexetativo do cadro de persoal, e dos sexenios de investigación e complementos autonómicos, supón que o orzamento do capítulo I se aproxime cada vez máis ao límite dos custos de persoal que fixan as leis de orzamentos para a UDC. Os recursos para financiar os importes correspondentes a estes conceptos, así como as contías das prazas para manter as figuras recollidas no II Convenio colectivo laboral con compromiso de estabilización e das prazas para facer fronte a necesidades urxentes e inaprazables, son moi limitados e proceden basicamente de xubilacións.

Estas limitacións causan o incremento de persoal con contratos temporais e precarios, co conseguinte escenario de inestabilidade para os proxectos educativos, de investigación ou de transferencia á sociedade dos seus resultados, que tanto preocupan a toda a comunidade universitaria. Os esforzos dos órganos de goberno da UDC centráronse en minimizar os efectos deste contexto restritivo, mantendo estable o número de efectivos, priorizando a estabilización de profesores e investigadores que se estiveron formando con éxito na nosa universidade

e maximizando as posibilidades de promoción despois do bloqueo imposto entre os anos 2012 e 2015. Ademais dos acordos acadados para a aprobación e execución da oferta pública de emprego, destacan as seguintes medidas:

- Mantense o programa para reducir o número de profesores/as contratados/as interinos/as de substitución, que non fosen previamente axudantes doutores/as, e asociados/as que contén cunha acreditación, coa súa transformación mediante concursos en profesores/as axudantes doutores/as: en 2016 convocáronse 20 concursos.
- Mantense a suspensión da posibilidade de convocar prazas de axudante. Mantense ademais a suspensión da contratación de novos profesores eméritos mentres non se defina un marco normativo para o seu nomeamento.
- Convocáronse 66 concursos de profesor/a asociado/a ou contratado/a interino/a de substitución sobre a base das instrucións da Secretaría Xeral de Universidades para a provisión temporal de postos de PDI para cubrir necesidades docentes urxentes.

Persoal de Administración e Servizos (PAS)

Como continuación dos procesos iniciados en 2015, desenvolvéronse as seguintes accións:

- Convocatoria mediante Resolución do 31 de agosto de 2016 (DOG núm. 175, do 14 de setembro) da terceira fase do proceso de funcionarización conforme ao calendario establecido no Acordo asinado coas centrais sindicais en xullo de 2012. Este feito é o que determina, comparativamente cos datos recollidos nas memorias dos exercicios anteriores, un substancial incremento de PAS funcionario e a correlativa minoración de efectivos laborais.
- Publicación no Diario Oficial de Galicia número 10, do 18 de xaneiro de 2016, da relación de postos de traballo do persoal funcionario de administración e servizos. Con esta nova RPT procúranse alcanzar

melloras organizativas e de carreira profesional, sen que en todo caso esta revisión implique aumento do cadro de persoal nin da masa salarial, de acordo cos límites establecidos polo vixente plan de financiamento do SUG e pola Lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma. Tamén se pretende a apertura de subgrupos de adscrición de postos de subescalas especiais, para facilitar a súa provisión e a promoción interna desta clase de persoal recentemente funcionarizado, así como a reorganización e reforzo da Oficina de Relacións Internacionais. Outros obxectivos son a inclusión de perfís lingüísticos en unidades dos servizos de investigación, reforzando tamén efectivos para a captación e xestión de fondos europeos, a reorganización de servizos de conserxaría nos centros e unha mellor estruturación dos servizos de Informática e Comunicacions.

Estudantes

A Universidade da Coruña participou en proxecto dirixidos a mellorar as competencias e a empregabilidade dos/das universitarios/as. Por segundo ano consecutivo, a Universidade da Coruña foi centro colaborador do proxecto YUZZ. Este proxecto achégalle ás persoas participantes formación, apoio e asesoramento personalizado durante o desenvolvemento do plan de negocio. Ademais, a UDC participou con Universia, Human Age Institute e Trabaja.com no proxecto Talent at Work, nunha xornada de encontro en que profesionais de recursos humanos e empresarios axúdanlles aos xoves a comprender o que hoxe demanda o mercado e ofrecen unha visión práctica do panorama laboral actual.

Así mesmo, mantéñense as accións en colaboración con outras entidades como é o programa Foro Xuventuda en Movemento coa Deputación de A Coruña e Europe Direct. Ademais, o Observatorio Ocupacional colaborou co Concello da Coruña para realizar un estudo de prospección en sectores xeradores de emprego.

Bolsas

Para compensar as dificultades económicas que lle impidan continuar os estudos conducentes a obtención dun título oficial, a Universidade da Coruña concede 41 axudas a outros tantos alumnos ou alumnas. Tamén co obxectivo de promover a igualdade de oportunidades no ámbito de educación universitaria, concedéronse entre o curso 2016-2017, 213 axudas destinadas a aloxamento.

Cultura

A Área de Cultura ofertou en Ferrol e na Coruña un total de 23 obradoiros. Así mesmo, en abril comezou a vixésima terceira edición do Festival Internacional de Teatro Universitario da Coruña (FITEUC), que organizou a UDC. O programa específico de danza do 23º FITEUC desenvolveuse no teatro Rosalía.

En novembro inaugurouse en Normal a exposición BDG70 a revolta do cómic galego, comisariada por Xulio Carballo Dopico e dirixida por Manel Cráneo. A mostra xorde como resultado da investigación realizada por Xulio Carballo para a súa tese de doutoramento sobre a banda deseñada galega. Actividades paralelas a exposición: Editar de cero a cen (Obradoiro práctico sobre edición de banda deseñada). Da ditadura á transición (mesa redonda arredor dos inicios da banda deseñada) e Metrópoles Delirantes (Gravación en aberto do podcast especializado en banda deseñada Metrópoles Delirantes). Chegouse a un total de 1.118 de participantes, entre os asistentes á exposición e ás actividades paralelas.

Deportes

A Área de Deporte alcanzou os 2.160 abonados, pero foron máis de 3.000 membros da comunidade universitaria os que participaron nas diferentes actividades.

A IV Semana do Deporte na UDC ofertou en aberto e de balde 36 actividades. Así mesmo, este ano a VIII edición dos Premios UDC Deportes recaeu en Carlos Lalín Novoa, quen foi readaptador físico-deportivo do Real Club Deportivo da Coruña e do Real Madrid, asistente de manager do primeiro equipo do Chelsea e, actualmente, forma parte do corpo técnico do Manchester United.

Nas ligas universitarias internas participaron 1.152 persoas, integradas en 110 equipos en modalidades como o fútbol 7, baloncesto e fútbol sala. No caso dos campionatos internos, a participación total nas diferentes modalidades superou as 171 persoas. A UDC estivo representada con máis de 300 participantes nos Campionatos Galegos Universitarios. Nas escolas deportivas ofertáronse 15 actividades, cunha participación de máis de 300 persoas.

No apartado da actividade física e saúde, ofertouse unha gran variedade de servizos como as actividades de fitness, as salas de musculación, así como os bonos de mantemento físico. A actividade de Personal Training volveu ser unha das máis valoradas polos nosos usuarios.

Publicacións

O Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña continuou a xestionar a edición, difusión e comercialización de libros e revistas e enriqueceu o seu catálogo editorial con 16 novos volumes e 13 novos números de publicacións periódicas. Así mesmo, no portal de revistas electrónicas xestionadas coa aplicación informática Open Journal System xa están 11 das 16 revistas da UDC. Ademais, 9 revistas recibiron DOI a través do Crossref.

Divulgación científica e cultural

A unidade de Divulgación Científica e Cultural, en colaboración coa Deputación Provincial da Coruña e

coa finalidade de promover a comunicación científica no contorno do estudantado universitario convocou a I edición de Expociencia-UDC. O obxectivo é fomentar a participación dos estudantes de graos e mestrados no ámbito da ciencia e a investigación mediante pósters innovadores que respondan a preguntas de ciencia básica e aplicada, fotografía científica e traballos audiovisuais.

Así mesmo, coa colaboración da Fundación Barrié, a Unidade organizou de novo a feria UDCienciaBarrié, que propón actividades científicas para centros educativos. En decembro celebrouse a Xornada de divulgación científica Isabel Zendal, coa intervención do escritor Javier Moro e do xornalista Antonio López Mariño, grandes coñecedores e investigadores da vida e obra de Isabel Zendal e da Real Expedición Filantrópica da vacina. Igualmente, presentouse a Cátedra de Cultura Científica Isabel Zendal promovida polo Concello da Coruña. Esta nova cátedra da UDC organizou a I Xornada Científica UDC-Sénior no Centro de Intervención Cultural Normal a Feira científica UDCiencia na Domus. Durante as Xornadas realizáronse obradoiros científicos de diversas temáticas.

Cursos de verán, ciclos e conferencias

A Oficina de Cursos, dependente da Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria, realizou ao longo do ano a coordinación de cursos, xornadas, seminarios, encontros e ciclos de conferencias. Hai que salientar as convocatorias de axudas económicas para xornadas e ciclos de conferencia correspondentes ao primeiro e segundo cuadrimestre do ano, así como a convocatoria de axudas económicas para a realización de cursos de verán.

Como novidade deste ano, a Oficina de Cursos encargouse de servir e controlar o emprego do material de promoción aos Servizos de Reprografía dos distintos centros para que o alumnado e persoas interesadas podan ter acceso. Posteriormente infór-

mase ao Servizo de Xestión Económica do material servido para que proceda ao cobro do material e do canon correspondente polo uso da identidade corporativa da UDC.

Actividades complementarias

A UDC organiza campamentos de Semana Santa e de verán para fillos de membros da comunidade universitaria, mais abertos tamén a persoas alleas.

No campamento Mauro Silva, que se organizou por décimo sétimo ano consecutivo nas vacacións de Semana Santa, participaron mais de 100 nenos e nenas de entre catro e doce anos. Tomaron parte en actividades deportivas, hábitos de estudo e inglés. En verán convocáronse campamentos para nenos e nenas de primaria nos campus da Coruña e de Ferrol. Ofertáronse campamentos monográficos de inglés, multideportivos, e por primeira vez o Campamento Náutico+Inglés na Aula Náutica, cun total de 187 rapaces e rapazas repartidos entre os meses de xuño, xullo e setembro.

Cooperación e voluntariado

A través da Oficina de Cooperación e Voluntariado subvencionáronse oito proxectos promovidos pola comunidade universitaria na III Convocatoria de EpD, Sensibilización e Participación social. Renovouse o convenio coa Xunta para financiar a Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD), grazas ó cal desenvolveuse un curso de formación específica de posgrao en cooperación e educación ao desenvolvemento. Outras actividades de formación incluíron xornadas de sensibilización e formativas sobre persoas sen teito, educación para o desenvolvemento e cursos propios de formación para o voluntariado de nova incorporación.

Ao longo do ano fixéronse dúas novas convocatorias dos programas Proxectos de Coñecemento da

Realidade (PCR) e Proxectos de Coñecemento da Cooperación (PCC). No primeiro participaron trece alumnos e alumnas. No segundo, para PDI e PAS, participaron cinco persoas. Así mesmo, con cargo á Xunta de Galicia financiáronse dous proxectos na convocatoria de Educación para o desenvolvemento, nos que a UDC foi en consorcio con dúas ONGD.

Orzamentos e liquidacións

O 21 de abril o Consello Social aprobou os orzamentos da Universidade da Coruña para o ano 2016, que estaban prorrogados porque en decembro de 2015 se celebraron as eleccións a reitor para o período 2016-2019. Están dispoñibles na web da Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade: http://www.udc.es/export/sites/udc/gobierno/_galeria_down/veis/documentos/ORZAMENTO2016.pdf

O Plan operativo anual e o orzamento do exercicio 2016 desenvolven as Liñas xerais da programación plurianual e orzamentaria 2016-2017, publicadas na mesma ligazón e aprobadas polo Claustro o 30 de marzo de 2016. O Plan operativo anual 2016 desenvolve o anterior documento a partir dunha información orzamentaria máis concreta para o exercicio, e acompaña o orzamento, fundamentando as actuacións programadas nel.

O orzamento da UDC para 2016 foi de 116,32 millóns de euros. Esta cantidade supón un incremento de 0,13 millóns, o que equivale a un 0,11%. Segundo os orzamentos do 2016 os ingresos pola matrícula (15.344.830,48€) xa deixarían de verse afectados pola adaptación das titulacións ao EEES, se ben hai que valorar a previsión demográfica á baixa na estimación deste concepto.

As diferenzas entre os anos 2015 e 2016 que se observan nos diferentes conceptos de gasto son escasas. A compoñente de financiamento máis im-

portante corresponde ás achegas por transferencias correntes, o que supón un 73,29% no ano 2016 –frente a un 71,20% no ano 2015-. As taxas académicas implican un ingreso tamén importante, en concreto un 13,19%. Finalmente, as transferencias de capital alcanzan un 12,80%, que se reducen con respecto ao ano anterior un 13,68%, ao pasar de 15.900.847,60€ a 14.888.806,49€.

Polo que respecta aos gastos, o orzamento responde aos compromisos de mantemento de persoal e tratamento preferente das bolsas e axudas a estudantes co fin de minorar os efectos da redución de axudas públicas para o acceso en igualdade de condicións á universidade. Igualmente, a porcentaxe do gasto de bens e servizos aumentou preto dun 2%, en tanto que as transferencias correntes baixaron un 16%.

Hai unha notable caída no investimento do 22,7% ao pasar de 11.843.366,35€ no ano 2015 a 9.155.702,45€ no ano 2016.

A liquidación do orzamento do exercicio 2015 (http://www.udc.es/gobierno/equipo_reitoral/vice_planificacion_economica_e_infraestructuras/planificacion_economica/documentos/memorias_economicas.html) aprobouse no Consello de Goberno, fíxose a auditoría e posteriormente foi aprobada polo Consello Social o 4 de maio de 2017.

O resultado orzamentario de 2015, igual que ocorreu no ano anterior, volve ser negativo. Neste último exercicio económico soportáronse tensións de liquidez moi importantes que fixeron que o remanente se vise afectado. Así, o remanente non afectado que ascendía a 2,8 millóns de euros tívose que aplicar para compensar 2,27 millóns de €. Isto dá unha diferenza final de 495.032,05 € (figura 5) que é o remanente líquido final do ano 2014 (0,5 millóns de euros en cifra redondeada), o cal pasará a ser os activos financeiros do orzamento do ano 2016.

Este contexto ocasionou que o saldo medio de provedores a finais do exercicio de 2015 mellorase, aínda que se mantén nun nivel moderadamente alto (4,6% no 2015 fronte a 5,56% no 2014). Convén salientar que este valor diminuirá de xeito significativo no seguinte exercicio.

Infraestruturas

O orzamento destinado pola UDC ás infraestruturas continúa no contexto de contención e axuste dos exercicios pasados. Ademais, o control da execución orzamentaria fixo aumentar a contención do gasto asociado a infraestruturas arquitectónicas e urbanas.

Neste contexto, as intervencións do Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos centráronse, como vén sendo común nos últimos anos, en tarefas de mantemento e reparación de edificios e do espazo público.

A principal actuación acometeuse froito das xestións iniciadas no ano 2014, a obra de reforma e ampliación do edificio CITEEC, adxudicada por 1.689.945,07€, que a finais de ano 2015 superaba a metade da execución do contrato. En 2016 puido rematarse a obra, recepcionada finalmente en agosto.

Oficina de Medio Ambiente

As principais actividades da Oficina de Medio Ambiente da UDC poden consultarse en detalle na páxina web, no apartado da OMA: <http://www.udc.gal/lista.html?urlmenu=/sociedade/>. No capítulo 7 desta Memoria inclúese unha síntese das principais iniciativas que se desenvolveron en 2016. Entre elas a incorporación de novos centros á recollida sistemática de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos ou a colaboración co SAU (Servizo de Mantementos) para realizar auditorías enerxéticas nos centros Greencampus.

Ao longo do ano tivo lugar a adhesión ao programa GreenCampus de tres novos centros da UDC: ETS Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos, Facultade de Filoloxía e Facultade de Fisioterapia.

A modo de continuación dos anos anteriores, programáronse actividades de educación e sensibilización ambiental, incluíndo actividades do Proxecto Ríos, inspección e limpeza de ríos no campus, erradicación de flora invasora no campus, reforestación participativa no Monte da Fraga, VII Feira da Sustentabilidade na UDC, obradoiro de fornos solares e encontro solar encamiñado á promoción das enerxías renovábeis e o aforro enerxético, e exposición sobre Pegada ecolóxica.

Renovouse un ano máis o Préstamo de bicicletas (180 solicitudes en 2016), con 105 unidades prestadas. Por último, a UDC incorporouse ao Ranking internacional GreenMetric 2016.

Responsabilidade Social: Atención á Diversidade

Campus Inclusivos: A UDC xunto coa Fundación ONCE, a Fundación REPSOL e o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte puxo en marcha unha nova convocatoria do programa "Campus Inclusivos. Campus sen límites", co obxectivo principal de incrementar a presenza activa de persoas con discapacidade nas universidades españolas. A actividade desenvolveuse por primeira vez na UDC en xullo de 2016.

Espazo Compartido: Grazas á sinatura dun novo convenio de colaboración entre a Universidade da Coruña, a Fundación Universida e o Banco Santander, seguirá co desenvolvemento do Programa Espazo Compartido. Programa universitario de formación en habilidades persoais, sociais e competencias básicas dirixido a mozos e mozas con discapacidade cognitiva leve.

Bolsas para estudantes con necesidades especiais: Anualmente a Universidade da Coruña convoca 20 axudas en réxime de concorrencia competitiva, para estudantes con necesidades educativas especiais. Este ano conseguiu financiamento externo para estas bolsas a través dun convenio coa Fundación Bancaria “La Caixa”.

Programa Mentoring Inclusivo: Ao abeiro do convenio asinado coa Fundación Bancaria “La Caixa”, comezou a desenvolverse na UDC o programa Mentoring Inclusivo, deseñado especificamente para mellorar a inserción laboral dos egresados da UDC con discapacidade.

Rede UDC-U (UDC Universal): Plan de Acción Titorial para alumnado con diversidade funcional: Dentro do Plano de Acción Titorial da UDC, cada centro establece un tutor/a específico para o alumando con diversidade funcional ou necesidades educativas específicas e que está en contacto directo coa ADI, establecendo unha rede de traballo e comunicación entre os propios centros e a unidade.

Programa de Prácticas relacionadas coa diversidade: Unha das iniciativas máis importantes da unidade é establecer un programa de prácticas que conecte a alumnado de distintas titulacións en temas relacionados coa diversidade.

Oficina para a Igualdade de Xénero

- Cursos: Relacións de amor poderosas: Da violencia de xénero á construción de novos modelos de relacións afectivas. (Curso para alumnado), Formación en Xénero para a docencia universitaria (Curso do Plano de Apoio ao Ensino). Políticas de igualdade e violencia de xénero (Curso do Plano de Apoio ao Ensino). Xornada sobre o “Protocolo para a prevención e protección fronte ao acoso sexual e acoso por razón de sexo na UDC” orientado

a decanatos, e direccións de escolas, xefaturas de servizos e bibliotecarios/as.

- Actos conmemorativos: O 11 de febreiro celébrase o Día Internacional das Mulleres e as Nenas na Ciencia. O 25 de novembro celobrouse o acto institucional na Facultade de Ciencias do Deporte.
- Exposicións: IV Edición da exposición “Mulleres nas bibliotecas da UDC”. Exposición das premiadas “María Josefa Wonenburger” da Unidade de Muller e Ciencia da Xunta no Centro Universitario de Riazor.
- Organización de Xornadas: IV Xornada Universitaria Galega en Xénero. Santiago de Compostela 15 de xuño.
- Elaboración de materiais didácticos e de visibilización das mulleres: Mulleres nas bibliotecas da UDC 2016: Biografías de 80 mulleres destacadas http://www.udc.gal/oficinaigualdade/Recursos/documentos_propios.html.
- Concursos: IV Edición do concurso de traballos académicos con perspectiva de xénero Angeles Alvariño. 4ª Edición do Concurso de fotografía Rosalind Franklin.
- Contra a violencia de Xénero: Creación de un sitio web para material elaborado na UDC contra a violencia de Xénero http://www.udc.gal/oficinaigualdade/Recursos/recursos_violencia_xenero.html. Presentación dos vídeos de sensibilización contra a violencia de xénero elaborados por alumnado da Facultade de Enfermaría e Podoloxía de Ferrol.

Centro de Estudos de Xénero e Feministas

Este centro organizou o IV Curso de Historia da Teoría Feminista, para a formación e adquisición de co-

ñecementos sobre materia de xénero e feminismo, e o II Feminario, xornada destinada ao diálogo entre a investigación académica e as perspectivas que teñen os colectivos feministas na cidade.

Presentouse o primeiro número da revista do CEXeF: Atlánticas. Revista Internacional de Estudios Feministas.

UDCSaudable

A UDC incorporouse como membro fundacional na Asociación Red Española de Universidades Saludables. Entre o 3 e o 7 de outubro organizouse a II Semana UDC Saudable.

Servizos de Apio a Investigación (SAI)

Rexistrouse unha redución do número de mostras procesadas, asociado a unha baixa en todos os tipos de usuario (UDC, sector público e privado), aínda que máis acusado en usuarios do sector público, diminuídos un 25%.

Na convocatoria de infraestruturas do Ministerio de Economía, Industria y Competitividad deste ano os Servizos de Apio á Investigación (SAI) conseguiron unha subvención de máis de un millón de euros. Con ela adquiriuse, entre outras cousas, un microscopio electrónico de barrido de emisión de campo con detector de enerxía dispersiva, que supón un investimento de 551.774€.

O resto das infraestruturas concedidas corresponden a solicitudes feitas polo CITEEC (5 accións cun total de 1.693.575€), o CITIC (150.249€), o CICA (192.452€) e os institutos universitarios de Medio Ambiente (147.525€) e o de Xeoloxía (139.700€). En total foron 13 as accións conseguidas nesta convocatoria de infraestruturas, por un importe de 3.36 millóns de euros.

Rexistro e Arquivos

Para o Servizo de Rexistro, 2016 foi un ano de transición e de preparación para o Rexistro Único e a plena dixitalización, que deberá culminar en 2018, segundo o disposto nas leis 39 e 40, de 1 de outubro de 2015. É así como deben ser interpretadas as cifras de rexistro electrónico e de expedición de sinaturas electrónicas oficiais da FNMT.

O Servizo de Arquivo proseguiu o traballo de selección e arquivo de diversas series documentais, tanto da propia Universidade (xerados desde 1989) como tamén dalgúns dos seus centros (caso da transferencia ao CEDAR de fondos da ETS de Náutica e Máquinas).

Asesoría Xurídica

Canto á Asesoría Xurídica, este servizo desenvolveu un intenso labor consultivo interno e de defensa xurídica da UDC, tal e como revelan algunhas cifras:

- 38 novos procedementos xudiciais iniciados en 2016.
- Dos finalizados, 42 fixérono con resolucións favorables e 11 con resolucións desestimatorias das pretensións da UDC.
- 735 actuacións de informe e asesoramento.

Normalización Lingüística

O Servizo de Normalización Lingüística proseguiu en 2016, malia contar con recursos certamente escasos, o seu traballo de mirar pola extensión e a calidade no uso da lingua galega na UDC, quer con actuacións de tradución e corrección lingüística, quer con actuacións de fomento do uso da nosa lingua en teses, proxectos e traballos de fin de carreira, grao e mestrado.

Secretaría Xeral

Alén da actuación concreta dos servizos que se veñen de indicar, a Secretaría Xeral continuou coordinando a celebración de convenios –marco, específicos e de prácticas-, de elaboración normativa –con destaque para os novos regulamentos electoral e marco de departamentos- e de impulso á configuración de determinadas entidades instrumentais como medios propios e servizos técnicos da Universidade, a fin de dotar de maior seguranza xurídica á actuación contractual da UDC (tal foi o caso da FUAC e da SL do CITIC, co cambio dos seus estatutos).

Campus de Ferrol

Campus de Especialización Campus Industrial. O 8 de xullo de 2016 tivo lugar o acto de presentación do Campus Industrial, coa presenza do presidente da Xunta. En agosto asinou un novo convenio, entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a UDC para actuacións nos centros e unidades de transferencia tecnolóxica e no Campus Industrial de Ferrol. Desde xullo desempeña as funcións de director do Campus Industrial de Ferrol o profesor Ginés Nicolás. Visitaron o Campus Industrial de Ferrol delegacións de distintas universidades estranxeiras, como a Universidade Estatal de Surgut (Rusia) e un grupo de universidades de Australia.

Premios de investigación 2016: A Universidade da Coruña xestiona, a través da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social a convocatoria, conxunta co Concello de Ferrol, de dous premios de investigación. En 2016 outorgáronse o X Premio de Investigación “Concepción Arenal” da área de Humanidades ao traballo “Anatomía del pensar. El discurso filosófico y su interpretación”, do profesor Marcelino Agís Villaverde, e o X Premio de Investigación “González Llanos” da área de Enxeñaría Naval para o estudo “Software para el análisis computacional del diseño de sistemas de fondeo en buques de gran tamaño”, de Daniel Dopico Dopico.

Cátedra Jorge Juan

A Universidade da Coruña, a través da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, e a Armada xestionan de xeito conxunto as actividades que vén desenvolvendo nos últimos anos a Cátedra Jorge Juan. Cada ano, de xeito alterno, correspóndelle a una ou outra institución designar un director. Ata o 14 de setembro de 2016 exerceu a dirección a profesora Carmen Ramírez Gómez. A partir desta data tomou o relevo o capitán de navío, comandante-director da Escola de Especialidades “Antonio de Escaño”, Alfonso Vallés Sales. ■